



## A decisiÃ³n de Italia

### DescrpciÃ³n



A variÃ±a mÃ¡xica do presidente da Ã¢?Ã¢?empresa ItaliaÃ¢?Ã¢, como el mesmo gusta salientar, non Ã© outra que a posesiÃ³n do 90% do mercado televisivo (Mediaset Ã© da sÃªa propiedade e na estatal RAI fai e desfai con notable liberdade). El, que acusou aos comunistas chinos de ferver nenos para utilizalos como abono, Ã© o inspirador, en palabras do xornalista americano Alexander Stille, dunha autÃ©ntica revoluciÃ³n cultural silenciosa. Segundo o ranking internacional da organizaciÃ³n Freedom House, a liberdade de prensa en Italia estÃ¡ ao mesmo nivel que Mongolia. Umberto Eco equipara a situaciÃ³n italiana a un goberno en mans dos medios, entregados a unha estratexia de encantamento alienante da sociedade italiana.

O resultado das elecciÃ³ns legislativas italianas agÃ¡rdase con comprensible expectaciÃ³n. Sorprende que a longa campaÃ±a vivida servira de tan pouco para convencer aos electores indecisos, arredor dun vinte por cento que chega ao trinta, segundo outras fontes. Ã¢? difcil saber como influÃ©ron neles os derradeiros debates, especialmente o celebrado o

pasado 3 de abril, e as penúltimas promesas dos candidatos. En Italia está prohibida a publicación de sondaxes dende finais de marzo. Nesta altura, a vantaxe do centro esquerda era de 3 a 5 puntos.

Un día envolto en peripecias alopáticas, outro en halos mesiánicos propios da peor tradición vaticana, por Europa adiante case ningunha toma en serio a Berlusconi. Teatreiro e demagogo onde os haxa, entre a indignación e a risa, os ambivalentes sentimentos dos italianos tradúcense en curiosa incapacidade para discernir ou apatía.

Berlusconi, o home máis rico de Italia, segundo a revista Forbes, cunha fortuna estimada en 12 mil millóns de dólares, goza entregado á escenificación, pero, medio en serio medio en broma, despois de Mussolini, é o primeiro ministro italiano que leva máis tempo no poder. Nos últimos cinco anos, esa posición foi utilizada de forma escandalosamente abusiva para ir gañando sempre máis poder, todo o suficiente para ir esquivando a xustiza de forma vergoñenta e evitar ser investigado polas múltiples irregularidades denunciadas.

A variedade máis xica do presidente da empresa Italia, como el mesmo gusta salientar, non é outra que a posesión do 90% do mercado televisivo (Mediaset da súa propiedade e na estatal RAI fai e desfai con notable liberdade). El, que acusou aos comunistas chinos de ferver nenos para utilízalos como abono, é o inspirador, en palabras do xornalista americano Alexander Stille, dunha auténtica revolución cultural silenciosa. Segundo o ranking internacional da organización Freedom House, a liberdade de prensa en Italia está ao mesmo nivel que Mongolia. Umberto Eco equipara a situación italiana a un goberno en mans dos medios, entregados a unha estratexia de encantamento alienante da sociedade italiana.

Pouco importa que Italia estea á cola de Europa en crecemento ou que as súas expectativas de vitoria electoral dependan do entendemento cos neofascistas e a extrema dereita. O que non sae na televisión non existe. E na televisión, sobre todo, aparece Berlusconi. Absteranse os italianos de acender a Tv antes de ir a votar? Sería interesante analizar o sentido do voto dos emigrantes residentes no exterior que por primeira vez votan nestas eleccións. O seu sufraxio pode ser o máis libre de todos.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARCHIVO

## IDIOMA

Galego

## Fecha de creación

abril 10, 2006

## Campos meta

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2006-04-10 00:00:00